

David

L. M. LUNA

Desexo de evocar o alén.
Sen encresparse de escumas
os teus ollos escintilan
á deriva dos argazos.
Máis alá do chan en chamas
ha de existir un monte azul
que desemboque en min.
Mais ¡ai!
xa tendín esta tristísima varanda
algunhas outras veces
un eco en cadanceu címbalo.

Hai coma un mar cheo de gaivotas
unha praia de Outono,
o bulevar da eufonía salvaxe.
Non me cómpre alí
a espada,
ergueita está a voz
que chamo miña
pois todo encirra á arela
de decir.
¿E que dicir perante tal éxodo?
Hai un ollo na neve
aberto coma un parto
que agarda
o reflexo branco da morte.